ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
CV26113

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de implantación da ciberseguridade nas administracións públicas: ciberseguridade nos tempos da intelixencia artificial e a nube

CONVOCATORIA: Curso superior de implantación da ciberseguridade nas administracións públicas: ciberseguridade nos tempos da intelixencia artificial e a nube

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	CONVENIO	**HORAS:**	111
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN + TELEPRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	SUPERIOR	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 30/10/2026 - 09:00h ao 03/11/2026 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Curso superior de implantación da ciberseguridade nas AAPP: ciberseguridade nos tempos da IA e a nube impártese cos seguintes obxectivos:
• Concienciar ao alumnado na relevancia e importancia da ciberseguridade dende unha perspectiva normativa, técnica e práctica, reforzando os seus coñecementos para afrontar a xestión da ciberseguridade nas AAPP.
• Dotar ao alumnado de coñecementos sobre as últimas tendencias de ciberseguridade, en particular no ámbito da ciberseguridade da nube, da ciberseguridade e a intelixencia artificial, da ameaza cuántica e da ciberseguridade industrial, entre outros.
• Reforzar os coñecementos sobre o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) e das súas auditorías de cumprimento.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido ao persoal empregado público con perfís TIC (pertencente a escalas de sistemas e tecnoloxías da información ou que realice funcións TIC) en situación de activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

• Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
• Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público das ditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local, das universidades do Sistema Universitario de Galicia e da Administración de xustiza.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas nos ámbitos e categorías anteriores, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do subgrupo C1 do persoal funcionario ou do grupo III do persoal laboral que realice funcións TIC, mantendo os mesmos criterios de preferencia en canto aos ámbitos (primeiro Administración autonómica e entidades públicas instrumentais e da Administración institucional e logo o resto).

O persoal empregado público da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia deberá achegar documentación acreditativa unha vez formalizada a súa inscrición e antes de que finalice o prazo de matrícula, tal como se indica na base sexta, punto 6, da convocatoria.

Recoméndase que o alumnado participante conte con coñecementos previos sobre a materia para poder aproveitar mellor o curso.

PROGRAMA

Os contidos principais do curso son os especificados no ANEXO I da convocatoria DOG:

Sesión presencial:
• Inauguración do curso.
• Ciberseguridade nas administracións públicas.
• Clase maxistral.
• Explicación operativa do curso.

Teleformación:
• Riscos na cadea de subministración.
• Auditoría do ENS.
• Xestión de incidentes de seguridade.
• Ciberintelixencia e fontes abertas.

Módulo de telepresenza:
• Conceptos básicos sobre intelixencia artificial. Introdución á IA desde a perspectiva da ciberseguridade.
• Ameazas contra sistemas da IA e como protexelos. IA como ciberameaza. Ciberseguridade baseada en IA. CCN: Guía de boas prácticas fronte ao modelo de IA ofensiva (CCN-CERTBP/36).
• Desenvolvemento seguro de aplicacións utilizando IA.
• Introdución xeral á nube.
• Introdución á ciberseguridade na nube: arquitecturas cloud seguras, protección de datos e cumprimento, operación y resposta en cloud.
• Configuración segura da infraestrutura e servizos na nube.
• Configuración segura da infraestrutura e servizos na nube.
• Ferramentas e servizos de ciberseguridade na nube.
• Normativa relacionada coa IA, nube, cuántica.
• Ciberseguridade industrial (OT e IIOT).
• Informe CCN-TEC 009/ BP37 Recomendacións para unha transición PQC segura.
• Laboratorio de ciberseguridade en produtos con elementos dixitais da Xunta de Galicia.
• Laboratorio de ciberseguridade industrial da Xunta de Galicia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base cuarta da convocatoria respecto das persoas destinatarias da actividade. A orde de selección virá determinada pola preferencia de colectivos destinatarios e, dentro de cada colectivo, pola data e a hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de que finalice o prazo de inscrición o persoal empregado público da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia deberán achegar ao correo electrónico novas.egap@xunta.gal a documentación acreditativa do grupo e categoría indicados na base cuarta: cabeceira de nómina, toma de posesión ou certificado asinado por quen corresponda; de non entenderse implícitas ao posto, deberá acreditarse tamén na devandita documentación, o desenvolvemento das funcións TIC indicadas na base cuarta da convocatoira. Serán excluídas as solicitudes das persoas solicitantes da citadas administracións que non achegasen en prazo a documentación requirida.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTA		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 09/11/2026 a 21/12/2026
NUM. PRAZAS: 70	**ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)	**DATA EXAME:** 21/12/2026 ás 16:30h
DOCENTES NOMEADOS		
Pintos & Salgado Abogados, S.C. GUSTAVO HERVA IGLESIAS JOSE LUIS COLOM PLANAS Inés Ortega Fernández		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
SALON DE ACTOS: O día 09 de novembro de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		